

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 17-08-2021, ditou a resolución con número 2098/2021 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

#### **CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN EN FASES FINAIS DE ASCENSO A COMPETICIONS NACIONAIS E CAMPIONATOS DE ESPAÑA DURANTE O ANO 2021.**

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 26 de abril de 2021 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2021", e as " Bases específicas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2021"; publicadas no Bop da provincia de A Coruña nº 84, de 6 de maio de 2021.

Posteriormente publicouse no Bop da provincia de A Coruña nº 89, de 13 de maio de 2021, o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións, e rematou o prazo de presentación de solicitudes o 2 de xuño de 2021.

A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 2000/2021 do 11 de agosto, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 12 de agosto de 2021, da que se emite acta e na cal se fomulou proposta de resolución provisional.

Consta non expediente o informe do Técnico de Deportes.

Visto o cal,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2021 ás entidades que se relaciona no Anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total proposto de 3.750,00 €. Tal e como establecen as bases o acordo de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

**Segundo.-** Conceder un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

**Terceiro.-** Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios mediante anuncio público no Taboleiro de Anuncios do Concello de Carballo, sito na Casa do Concello, na Praza do Concello, s/n. e na páxina web municipal <http://carballo.gal/deporte/portada.php>. Tal e como establecen as bases o acordo de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade

beneficaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

**Anexo 1.- Subvencións concedidas para para de financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2021. Concesión Provisional.**

| <b>Puntuacións e Importes obtidos polas solicitudes de subvencións para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2021. CONCESIÓN PROVISIONAL.</b> |                            |           |   |        |                    |            |                                      |
|--|----------------------------|-----------|---|--------|--------------------|------------|--------------------------------------|
| Nº   | Entidade Solicitante       | CIF/NIF   | Obxecto                                 | Puntos | Importe subvención | Coef. Fin. | Orzamento Subvencionado a Xustificar |
| 1  | Agrupación Deportiva Fogar | G15160773 | Campionatos de España de Natación 2021  | 61,25  | <b>375,00 €</b>    | 32,92 %    | 1.139,09 €                           |
| 2  | Agrupación Deportiva Fogar | G15160773 | Campionatos de España de Triatlón 2021  | 15,63  | <b>375,00 €</b>    | 66,65 %    | 562,67 €                             |
| 3  | Escolas de Balonmán Xiria  | G70046362 | Campionato de España Infantil Masculino | 80,00  | <b>1.500,00 €</b>  | 33,87 %    | 4.428,36 €                           |
| 4  | Escolas de Balonmán Xiria  | G70046362 | Campionato Estatal Xuvenil Masculino    | 70,00  | <b>1.500,00 €</b>  | 31,96 %    | 4.692,90 €                           |
| <b>Total</b>   |                            |           |   |        | <b>3.750,00 €</b>  |            |                                      |

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villán Fuertes

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

José Villán Fuertes